RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluídas no Plan de modernización e

competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, con carácter plurianual (código de procedemento TU986B). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 115, 14-06-2024, Páx: 36044)**

Destinatarios: Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións as persoas físicas e xurídicas que estean dadas de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria e que sexan titulares de establecementos turísticos de aloxamento e de restauración, que reúnan os requisitos establecidos nestas bases e que teñan inscrito e autorizado ou clasificado, conforme estableza a normativa turística no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (en diante, REAT), o establecemento turístico para o que se solicita a axuda, con base nos artigos 50 e 51 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
Obxecto: Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión de subvencións da Axencia de Turismo de Galicia para actuacións de eficiencia enerxética e economía circular, en réxime de concorrencia non competitiva, ás empresas turísticas no marco do Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento TU986B).
Convoca: Axencia de Turismo de Galicia

Prazo: Cinco meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución

ORDE do 6 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento PE201B). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 117, 18-06-2024, Páx: 37260)**

Destinatarios: Consultar os artigos 5 e 6 da orde - Persoas beneficiarias e requisitos xerais e específicos
Obxecto: Establecer as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, así como a convocatoria para o ano 2024 das axudas destinadas a realizar de investimentos para pemes do sector transformador dos produtos da pesca e acuicultura que contribúan á seguridade alimentaria na Unión Europea, fomentando unha pesca e acuicultura sostibles desde unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva.
Convoca: Consellería do Mar

Prazo: Un mes, contado a partir do día seguinte á publicación desta orde no DOG.

ORDE do 12 de xuño de 2024 pola que se modifica a Orde do 10 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes

veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR651A e MR651B). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 118, 19-06-2024, Páx: 37657)**

Destinatarios: Consultar a Orde do 10 de outubro de 2023.

Obxecto: Orde do 10 de outubro de 2023

Convoca: Consellería do Medio Rural

Prazo: Orde do 10 de outubro de 2023

RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2024 pola que se amplía o crédito orzamentario recollido na Resolución do 26 de xullo de 2021, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos á mobilidade eléctrica (programa Moves III), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN421Q e IN421R). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 115, 14-06-2024, Páx: 36162)**

Destinatarios: Consultar a Resolución do 26 de xullo de 2021.

Obxecto: Resolución do 26 de xullo de 2021

Convoca: Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

Prazo: Resolución do 26 de xullo de 2021

ORDE do 31 de maio de 2024 pola que se amplía o crédito existente para a concesión das axudas previstas na Orde do 17 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a adquisición de vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), vehículos taxi de emisións cero e vehículos taxi eco, e se convocan para o exercicio 2024 (tramitación anticipada) (código de procedemento IF303A). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 111, 10-06-2024, Páx: 34902)**

Destinatarios: Consultar a Orde do 17 de novembro de 2023.

Obxecto: Consultar a Orde do 17 de novembro de 2023.

Convoca: Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Prazo: Consultar a Orde do 17 de novembro de 2023.

Estatal

Xeración Clima para a COP29

Destinatarios: Calquera persoa residente en España entre os 18 e 29 anos poderá

presentar a súa candidatura, que deberá incluír un proxecto ou proposta para impulsar a acción climática.
Obxecto: Integrar a mozos na delegación española do próximo Cume do Clima. A iniciativa seleccionará a mozos españois comprometidos coa acción climática e con propostas que contribúan ao cumprimento dos obxectivos do Acordo de París. Os seleccionados poderán formar parte do equipo español que se trasladará a Bakú (Acerbaiyán) con motivo do Cume do Clima que terá lugar en novembro.

Convoca: Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Prazo: O prazo de presentación de propostas concluirá o 10 de xullo.

Orde TED/639/2024, do 24 de xuño, pola que se modifica a Orde TED/1446/2021, do 22 de decembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas do programa de incentivos a proxectos piloto singulares de comunidades enerxéticas (Programa CE Implementa), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. (Boletín Oficial del Estado, Num: 154, 26-06-2024, Páx: 73837)

Destinatarios: Consultar a Orde TED/1446/2021, do 22 de decembro.

Obxecto: Consultar a Orde TED/1446/2021, do 22 de decembro.

Convoca: Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Prazo: Consultar a Orde TED/1446/2021, do 22 de decembro.

Extracto da Resolución do 13 de xuño de 2024, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se convocan subvencións destinadas a entidades de protección animal en 2024. (Boletín Oficial del Estado, Num: 153, 25-06-2024, Páx: 35792)

Destinatarios: Asociacións sen ánimo de lucro e fundacións legalmente constituídas non pertencentes ao sector público, de nacionalidade española e con residencia fiscal en España, cuxos estatutos establezan como fin principal, a protección e defensa dos animais.
Obxecto: As subvencións destínanse a sufragar os gastos que haxan de afrontar as entidades de protección animal no segundo semestre do ano 2024 para dúas liñas de axuda diferenciadas:
a) Axudas para actividades dirixidas a mellorar as condicións de vida e coidado de gatos comunitarios pertencentes a colonias felinas, á súa correcta identificación e a evitar a súa proliferación incontrolada.
b) Axudas para actividades dirixidas a mellorar as condicións de vida, esterilización, identificación e coidado doutros animais abandonados.

Convoca: Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030

Prazo: Quince días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación deste extracto no BOE

Unión europea

Misión da UE: Restaurar os nosos océanos e as nosas augas

Destinatarios: Consultar os distintos proxectos

Obxecto: Cun obxectivo para 2030, a Misión da UE "Restaurar os nosos océanos e augas" ten como obxectivo protexer e restaurar a saúde dos nosos océanos e augas a través da investigación e a innovación, a participación cidadá e os investimentos azuis.
Están dispoñibles unha serie de convocatorias con data de peche o 18 de setembro de 2024.
Convoca: Comisión Europea

Prazo: Ata o 18 de setembro de 2024.

Eureka Resilience Call 2024

Destinatarios: A chamada está pensada para que os actores principais das propostas sexan empresas, aínda que é certo que outro tipo de entidades poden presentarse.
É necesario facer o rexistro da proposta internacional en dúas plataformas diferentes unha vez aberta a chamada.
O líder do proxecto ten que rexistrar a proposta na plataforma Eureka.
En España é necesario presentar a proposta adicionalmente en CDTI. Este proceso nacional divídese en 2 niveis.
Obxecto: Chamada multilateral en Eureka co obxectivo de xerar proxectos en tecnoloxías que respondan os desafíos que supoñen os desastres naturais (incendios, sismos, furacáns, inundacións, secas, tsunamis etc.) e os accidentes industriais ou conflitos bélicos.
Esta chamada está aberta a todos os campos de aplicación deste dominio, entre os que se poden incluír a modo de exemplo: construción, materiais, monitorización, prevención e asistencia, circularidade, rescate e reconstrución, saúde, transporte ,tecnoloxías TIC e do espazo.
Convoca: Eureka

Prazo: Ata 31 de outubro de 2024 23:59 CEST

Misión da UE: Adaptación ao cambio climático

Destinatarios: Consultar cada convocatoria
Obxecto: A Misión de Adaptación ao Cambio Climático céntrase en apoiar ás rexións, cidades e autoridades locais da UE nos seus esforzos por desenvolver resiliencia contra os impactos do cambio climático.
Están dispoñibles unha serie de convocatorias con data de peche o 18 de setembro de 2024.
Convoca: Comisión Europea

Prazo: Ata o 18 de setembro de 2024.

Internacional

Procura de empresa española para un proxecto de I+D en colaboración con empresa tunisiana en desenvolvemento de equipos para hidróxeno

Destinatarios: Consultar ligazón
Obxecto: A procura de empresa española para desenvolver un proxecto de I+D coa empresa tunisiana EPI GREEN VISION
Convoca: Delegación Norte de África e Oriente Medio do CDTI

Prazo: A convocatoria permanecerá aberta todo o 2024.

EMPREGO PÚBLICO

Unión europea

Oficial de Proxecto – Transición a Enerxía Limpa. Comisión Europea

Destinatarios: As institucións da Unión Europea aplican unha política de igualdade de oportunidades e aceptan solicitudes sen discriminación por motivos de sexo, raza, cor, orixe étnica ou social, características xenéticas, lingua, relixión ou crenzas, opinións políticas ou de calquera outra índole, pertenza a unha minoría nacional, propiedade, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual.
Obxecto: Realizar tarefas relacionadas con todas as etapas do ciclo de xestión de proxectos, desde a avaliación de propostas, a preparación de acordos de subvención, o seguimento de proxectos, a avaliación de informes técnicos e financeiros. O responsable do proxecto contribuirá á retroalimentación aos responsables políticos das Direccións Xerais da Comisión Europea e participará en debates políticos no campo de especialización.
Consultar o criterio de elexibilidade.
Convoca: Área Candidata Cinea. Unión Europea.
Prazo: Ata o 12/07/2024

PREMIOS

Estatal

Extracto da Resolución do 23 de abril de 2024, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se convoca o III Certame artístico "Amigos dos Animais" modalidade carteis publicitarios.

(Boletín Oficial del Estado, Num: 101, 23-04-2024, Páx: 22266)

Destinatarios: Persoas físicas maiores de idade ou menores con autorización do seu representante legal, e persoas xurídicas, residentes en España (ej, centros educativos, asociacións legalmente constituídas, etc).
Obxecto: Creación de obras artísticas, na modalidade de carteis publicitarios, co propósito de fomentar actuacións exemplares en materia de protección e benestar dos animais domésticos, que fomenten a tenencia responsable, a loita contra o abandono e o respecto cara aos animais de compañía.
Convoca: Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030
Prazo: Tres meses a contar a partir do día seguinte á data da publicación deste extracto no BOE

Corrección de erros do extracto da Resolución do 23 de abril de 2024, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se convoca o III Certame artístico "Amigos dos Animais" modalidade carteis publicitarios.

(Boletín Oficial del Estado, Num: 133, 01-06-2024, Páx: 29929)

Destinatarios: Consultar o extracto da Resolución do 23 de abril de 2024, publicado no BOE do 25 de abril de 2024 na seguinte ligazón:

https://www.boe.es/boe/dias/2024/04/25/pdfs/BOE-B-2024-15063.pdf
Obxecto: Consultar o extracto da Resolución do 23 de abril de 2024, publicado no BOE do 25 de abril de 2024
Convoca: Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030
Prazo: Consultar o extracto da Resolución do 23 de abril de 2024, publicado no BOE do 25 de abril de 2024

Orde CNU/576/2024, do 6 de xuño, pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2024 dos Premios Nacionais de Investigación e dos Premios Nacionais de Investigación para Mozos. (Boletín Oficial del Estado, Num: 141, 11-06-2024, Páx: 68163)

Destinatarios: Consultar o punto Terceiro. Requisitos das candidaturas.
Obxecto: Aprobar a convocatoria correspondente ao ano 2024 dos Premios Nacionais de Investigación e dos Premios Nacionais de Investigación para Mozos.
Convoca: Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades
Prazo: Finalizará ás 15:00 horas do día 4 de xullo de 2024.

Extracto da Resolución de data 14 de xuño de 2024, pola que se convocan os premios nacionais do concurso escolar 2024-2025 Consumópolis20: Sabes o que consumes? Úneche a un consumo máis consciente e solidario. (Boletín Oficial del Estado, Num: 150, 21-06-2024, Páx: 34754)

Destinatarios: Consultar as Bases reguladoras: Orde CSM/1008/2021, do 20 de setembro.
Obxecto: A concesión de premios nacionais do concurso escolar 2024-2025 Consumópolis20: Sabes o que consumes? Úneche a un consumo máis consciente e solidario.
Convoca: Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030
Prazo: Do 7/10/2024 ao 28/02/2025, ambos inclusive.

Unión europea

Urban Treasures 2024

Destinatarios: Os participantes deben ter alomenos 18 anos e ser cidadáns dun dos 32 países membros do EEE ou de seis países cooperantes, incluídos os 27 Estados membros da UE, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Suíza, Turquía, Albania, Bosnia e Hercegovina, Kósovo e Montenegro, Macedonia do Norte e Serbia.
Obxecto: A Axencia Europea de Medio Ambiente convocou a 15ª edición do concurso de fotografía “Urban Treasures 2024”, cuxo obxectivo é capturar momentos verdes positivos e inspiradores que brinden alegría e esperanza por un mañá máis sostible.
A temática convida a reflexionar sobre como se poden construír barrios máis ecolóxicos e habitables. Ademais de facerse cun premio en metálico, os candidatos poden lograr que o seu traballo apareza nas publicacións e exposicións da Axencia. Para isto, deben enviar, antes do 1 de outubro de 2024, as súas instantáneas (máximo 5) a través dun formulario en liña, tendo a oportunidade de participar nunha ou máis categorías: vida silvestre na cidade, barrios con encanto, verde de corazón.
Convoca: Axencia Europea de Medio Ambiente

Prazo: Finaliza o 1 de outubro de 2024

ACTIVIDADES

CURSOS

Galicia

II Desmaterialización, decrecemento e transición enerxética: claves a partires da tripla análise social/económica e enerxético-ambiental

Contido: Estudar os diferentes significados que se asociación á idea de "progreso e prosperidade" en particular asociados ao desenvolvemento das enerxías renovables, e analizar as políticas socioeconómicas que procuran o progreso e a prosperidade na transición enerxética.
Lugar: Facultade CC. Económicas e Empresariais (Santiago de Compostela)
Organizador: Universidade de Santiago de Compostela
Inscrición: https://sec-virtual.usc.es/LoginX/Login.asp
Data de inicio: 02-09-2024
Data de fin: 05-09-2024

Patrimonio inmaterial e vivo: cultura, natureza e biodiversidade

Contido: Os obxectivos do curso son dar a coñecer o marco normativo do patrimonio inmaterial en Galicia; coñecer de primeira man os fitos do patrimonio inmaterial galego, os retos que enfrontan e as posibilidades e oportunidades (culturais, económicas, sociais, turísticas, ambientais...) que ofrecen; divulgar experiencias de conservación, promoción e estudo do patrimonio inmaterial galego; e por de relieve a ligazón entre patrimonio cultural e patrimonio natural e favorecer o intercambio interdisciplinar na materia.
Lugar: Ares
Organizador: Universidade de Santiago de Compostela
Inscrición: Ata o 12/07/2024
Data de inicio: 22-07-2024
Data de fin: 23-07-2024

CourEcol 2024: Métodos de mostraxe e análise da biodiversidade en Ecoloxía Terrestre

Contido: O obxectivo do curso é actualizar os coñecementos teóricos do alumnado de grao e máster en canto á biodiversidade, os seus compoñentes, e as ferramentas dispoñibles para a súa cuantificación, e aplicar estes coñecementos de forma práctica á caracterización da biodiversidade de comunidades terrestres localizadas na Serra do Courel.
Lugar: Seoane do Courel
Organizador: Universidade de Santiago de Compostela
Inscrición: Ata o 19/07/2024
Data de inicio: 29-07-2024
Data de fin: 02-08-2024

III Protección e malos tratos animais. Unha perspectiva actual das normas e actuacións desde o ámbito xurídico e veterinario

Contido: Curso de verán onde se analizarán os cambios lexislativos e o seu impacto no labor das diferentes administracións e profesionais que actúan neste campo (veterinarios, enxeñeiros agrónomos, avogados, forzas de seguridade do estado etc).

Lugar: Facultade de Veterinaria

Organizador: Universidade de Santiago de Compostela

Inscrición: https://sec-virtual.usc.es/LoginX/Login.asp

Data de inicio: 02-09-2024

Data de fin: 04-09-2024

SEMINARIOS

Unión europea

Seminario web itinerante: Previsión de enerxías renovables a través da plataforma DestinE

Contido: Coñeza como DestinE pode transformar a previsión de enerxía renovable co seminario web sobre o proxecto Destination Renewable Energy (DRE) e o Hybrid Renewable Energy Forecasting System (HYREF)

Lugar: En liña

Organizador: Destin Earth

Data de inicio: 02-07-2024

Data de fin: 02-07-2024

XORNADAS

Unión europea

Diálogo Político Anual – Iniciativa para as rexións carboníferas en transición

Contido: Convida as partes interesadas de todas as rexións de carbón, turba, lignito e xisto bituminoso da UE (as rexións do carbón+) a reunirse, facer un balance dos avances logrados (desde o inicio da Iniciativa en 2018) e debater os desafíos comúns aos que se enfrontan na rápida economía actual panorama enerxético en evolución.

Lugar: Velenje, Slovenia

Organizador: Comisión Europea

Inscrición: Presencial 24/06/ 2024, en liña 10/07/2024.

Data de inicio: 11-07-2024

Data de fin: 12-07-2024

OUTRAS ACTIVIDADES

Galicia

Programa de Visitas de verán a Illa e Castelo de Santa Cruz

Contido: O seu rico patrimonio combínase coa peculiar historia do Castillo de Santa Cruz que, ao longo destes catro séculos, foi e é un baluarte de defensa: defensa da cidade da Coruña dos ataques navais; defensa da cultura coa estancia da escritora Emilia Pardo Bazán; defensa social coa organización de colonias de verán para nenos orfos e defensa do medio ambiente a través do CEIDA.
E para dar a coñecer todo este patrimonio natural e histórico, e dentro do programa "Para unha Transición Ecolóxica" que o CEIDA desenvolve xunto á Deputación da Coruña, ofértase este programa de visitas.
Lugar: Castelo de Santa Cruz, s/n 15179 - Liáns (Oleiros)
Organizador: CEIDA
Inscrición: https://www.ceida.org/gl/reserva-visitas-guiadas
Data de inicio: 02-07-2024
Data de fin: 30-08-2024

Obradoiro de Iniciación ao Haiku - Edición infantil

Contido: O haiku é unha forma de mirar a natureza e prestar atención aos cambios da paisaxe (brotes, florecemento, caída...) e a todo o que o rodea. O obxectivo deste taller é aprender as ferramentas básicas para esbozar un haiku, máxica composición poética xaponesa que conecta co presente e axuda a serenar a alma. Trátase dun poema curto, formado por 3 versos de 5 / 7 / 5 sílabas respectivamente. Centrarémonos na observación e percepción para intentar captar un momento da natureza a través da mirada, a palabra e o silencio.
Lugar: Pazo de Lóngora, Liáns-Oleiros
Organizador: CEIDA
Inscrición: Cubrir formulario
Data de inicio: 05-07-2024
Data de fin: 05-07-2024

III Simposium Urban Solutions

Contido: Concibido coa visión de converterse nun referente que reúna a sectores tan relevantes como o da enerxía, a sustentabilidade, a iluminación, a mobilidade, os parques, as infraestruturas urbanas e calquera solución técnica relacionada coa contorna urbana.
Lugar: Edificio CINC. Cidade da Cultura, Santiago de Compostela
Organizador: Cluergal (Clúster de Enerxías Renovables de Galicia)
Inscrición: https://urbansimposium.com/nuevo-modelo-ciudades/
Data de inicio: 08-10-2024
Data de fin: 10-10-2024

Estatal

Comunicacións técnicas do CONAMA 2024

Contido: É unha oportunidade para que todas as persoas rexistradas no Congreso Nacional del Medio Ambiente poidan presentar as súas investigacións, proxectos e iniciativas en materia ambiental. Os traballos formarán parte do fondo documental web do Congreso, accesible de maneira sinxela e gratuíta.

Lugar: Congreso Nacional do Medio Ambiente

Organizador: CONAMA

Inscrición: https://www.fundacionconama.org/formulario-comunicaciones-tecnicas/

Data de inicio: 15-07-2024

Data de fin: 15-07-2024

Unión europea

X Conferencia Europea sobre Cidades e Pobos Sustentables

Contido: A décima Conferencia Europea sobre Cidades e Pobos Sustentables (ESCT) terá lugar do 1 ao 3 de outubro en Aalborg, Dinamarca.
Todas as cidades, socios e expertos que buscan contribuír á transformación sustentable das nosas cidades e rexións están cordialmente convidados a asistir á edición de 2024 da Conferencia Europea sobre Cidades e Pobos Sustentables, que tamén marca o 30º aniversario da Carta de Aalborg (1994) e o 20º Aniversario dos Compromisos de Aalborg (2004). Para conmemorar a ocasión, así como para responder as necesidades da emerxencia climática en curso, estamos a establecer o noso estándar de éxito máis alto ata o momento.

Lugar: Aalborg, Dinamarca.

Organizador: ICLEI - Gobernos Locais para a Sostibilidade

Inscrición: Ata o 1 de setembro de 2024

Data de inicio: 01-10-2024

Data de fin: 03-10-2024

Foro CIVITAS 2024: o principal evento de mobilidade sustentable de Europa

Contido: Conferencia de varios días é o evento emblemático da Iniciativa CIVITAS. O Foro CIVITAS, que existe desde 2003, ofrece a oportunidade ideal para escoitar ás cidades, persoas e proxectos que están a impulsar a innovación en mobilidade intelixente, inclusiva e sustentable, así como para intercambiar e conectarse con axentes de cambio da mobilidade urbana de toda Europa.

Lugar: Parma, Italia

Organizador: CIVITAS

Data de inicio: 01-10-2024

Data de fin: 03-10-2024

14ª Conferencia Europea sobre Restauración Ecolóxica

Contido: A conferencia cobre todos os tipos de hábitat en 13 emocionantes sesións que tratan sobre a restauración mariña, de auga doce, de humidais, bosques e pasteiros.
Lugar: Estonian National Museum Muuseumi tee 2, 60532 Tartu, Estonia
Organizador: Comisión Europea
Inscrición: https://sere2024.publicon.ee/register-here/registration-waiting-list/
Data de inicio: 26-08-2024
Data de fin: 30-08-2024

Internacional

Simposio internacional de xeociencia e teledetección IEEE 2024 “Actuando pola Sustentabilidade e a Resiliencia”

Contido: O Programa Científico deste IGARSS, fai énfase no desenvolvemento sostible de acordo con as metas da Axenda 2030 das Nacións Unidas, incluíndo publicacións científicas, conferencias, presentacións e foros de interese, especializados en Teledetección. Os delegados terán a oportunidade de involucrarse cos últimos logros científicos dos centros gregos de investigación, educación e desenvolvemento empresarial. Convídase a científicos, representantes do sector industrial e empresas de nova creación, así como estudantes de todo o mundo para profundar nas últimas investigacións e avances tecnolóxicos no campo do espazo e as súas aplicacións.
Lugar: Atenas, Grecia
Organizador: Observatorio Nacional de Atenas
Data de inicio: 07-07-2024
Data de fin: 12-07-2024

Cume de Líderes: "Avanzar máis rápido cara a un futuro responsable".

Contido: Conferencia dinámica dun día de duración do Pacto Mundial das Nacións Unidas dedicada a proporcionar as ferramentas, a rede, o coñecemento e a inspiración necesarios para escalar o impacto das contribucións do sector privado á Axenda 2030.
Lugar: En liña
Organizador: LEADERS SUMMIT
Inscrición: https://events.unglobalcompact.org/leaderssummit24/RegisterPage
Data de inicio: 24-09-2024
Data de fin: 24-09-2024

O Nest Climate Campus, o evento climático máis grande de EE.UU.

Contido: O noso obxectivo é acelerar as solucións climáticas a través da colaboración e a comunidade. É por iso que The Nest Climate Campus organiza debates de vangarda no escenario principal, asóciase con organizacións líderes para organizar eventos coorganizados baixo un mesmo teito verde no Javits Center e crea activacións interesantes e experiencias de networking

con Climate Collective.
Lugar: Javits Center (Nueva York).
Organizador: The Nest Climate Campus
Inscrición: https://nxt.customreg.net/register/c2c9b4bc-f5df-4a50-a590-3de2c563f7ea
Data de inicio: 24-09-2024
Data de fin: 26-09-2024

BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

Educación Ambiental para a Sustentabilidade no corazón das políticas públicas. Percorrido histórico, boas prácticas e recomendacións para a súa transversalización. CENEAM 2024

Responding to climate change impacts on human health in Europe: focus on floods, droughts and water quality - EEA 2024

Informe de Seguimento da Axenda 20230 en Galicia. Xunta de Galicia

Plan Sectorial de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2030 (PRIGA)

RECURSOS ELECTRÓNICOS

Novas guías do visitante dos parques naturais de Castilla-La Mancha

Novidades Bibliográficas Maio 2024 - CEIDA

REVISTAS

Contos para gozar. Gozar para educar - Generalitat Valenciana

BOLETÍN DE INFORMACIÓN AMBIENTAL

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO